

CONVOCATORIA DE PROPOSTAS DE INTERESE PARA A COORDINACIÓN DE ERASMUS *BLENDED INTENSIVE PROGRAMMES* (BIP)

CURSO 2024/2025

PRESENTACIÓN

Os *Blended Intensive Programs* (BIP) encádranse dentro da acción Erasmus+ KA131 de educación superior. A súa finalidade é promover a colaboración entre universidades socias para o deseño coordinado dun programa académico de mobilidade física de curta duración ao que se asocia ademáis un compoñente virtual. Os BIP poden estar abertos a estudantes e a persoal de institucións de educación superior.

Cada BIP é organizado por un consorcio dun mínimo de 3 universidades con carta Erasmus de 3 países diferentes do Programa Erasmus. Os programas inclúen aprendizaxe baseada en retos ou proxectos, nos que equipos transnacionais traballan xuntos para resolver un desafío e presentar unha solución. O programa debe aportar un valor engadido respecto a materias ou cursos da oferta académica habitual nas universidades participantes, e pode ser de carácter plurianual. Pode resultar moi axeitado para a abordaxe de determinadas asignaturas nas que resulte de interese realizar visitas internacionais curtas (para prácticas, seminarios, visitas, etc.) fora da contorna habitual de ensinanza-aprendizaxe.

Os participantes traballarán en equipo de forma colaborativa, combinando un período obrigatorio de traballo en liña e un período de traballo presencial no que todos os estudantes/persoal se trasladarán ao país da universidade organizadora para unha mobilidade de entre 5 e 30 días.

I. FINANCIACIÓN

Esta convocatoria financíase con axudas orzamentarias da Comisión Europea para proxectos Erasmus+ KA131 do ano 2023 (2023-1-ES01-KA131-HED-000118792). En concreto, financíase con cargo á partida 080A 422D 483.00, a coordinación de 2 BIP, ata un máximo de 12.000 euros (6.000 euros por proxecto).

II. PRAZOS DE EXECUCIÓN

A execución dos proxectos que resulten beneficiarios e as mobilidades contempladas no BIP deberán realizarse durante o curso 2024-25 e, en calquera caso, **antes do 30 de xuño de 2025**.

III. CRITERIOS DE ADMISIBILIDADE E CARACTERÍSTICAS

1) CONSORCIO

O programa debe ser desenvolvido e executado por polo menos **3 institucións de educación superior** procedentes de polo menos 3 Estados membros da Unión Europea ou de terceiros países asociados ao Programa (Islandia, Liechtenstein, Macedonia do Norte, Noruega, Serbia e Turquía). Outras institucións de educación superior ou organizacións poderán enviar participantes; os participantes procedentes de institucións de terceiros países non asociados ao programa (antes "países socios") deberán asumir os custos da mobilidade.

Código Seguro De Verificación	pK1EyJ08Y0UwXB2YESvChA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitor de Titulacións e Internacionalización - Moisés Canle López	Asinado	21/03/2024 17:27:35
Observacións		Páxina	1/6
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/pK1EyJ08Y0UwXB2YESvChA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



- A **universidade coordinadora** (UDC): solicita, recibe e xestiona os fondos de OS (*Organisational Support*). Por defecto, a universidade coordinadora será a receptora da mobilidade.
- A **universidade receptora ou de acollida** (UDC): recibe os participantes do BIP, podendo realizar as actividades en campus da UDC ou en territorio español.
- As **universidades de envío** poden ser calquera do consorcio BIP ou outras institucións con Carta Erasmus ou institucións de terceiros países.

Os BIP poden ser **plurianuais**, podendo ser financiado o mesmo BIP na seguinte convocatoria. A UDC poderá acordar cos socios a alternancia da coordinación do BIP, e polo tanto do rol de institución de acollida para edicións posteriores.

2) PARTICIPANTES

Estudantes de educación superior (niveis *European Qualifications Framework* (EQF) de 5 a 8) e **persoal** de educación superior (PAS ou PDI).

3) CRITERIOS XERAIS

- Deberanse asinar **acordos institucionais** entre as Institucións de Educación Superior do proxecto antes do inicio das mobilidades.
- Cada institución financiará as mobilidades de curta duración dos seus propios participantes cos seus propios fondos Erasmus. Tamén poden participar estudantes que asuman o custo da mobilidade.
- O programa debe de incluír unha **movilidade física de 5 a 30 días**.
- O **número mínimo** de estudantes/participantes que realicen mobilidade nun programa intensivo combinado **é de 15; o máximo de participantes é de 60** (non contan participantes de terceiros países non asociados ao programa e os estudantes da universidade de acollida).
- A coordinación do BIP recibirá **financiamento en concepto de apoio organizativo (OS)**, ata un máximo de 6.000 euros.
- No caso do estudantado, a mobilidade física e virtual combinada **debe recoñecer aos participantes un mínimo de 3 créditos ECTS**, polo que o número global de horas de traballo (presencial e en liña) debe ser dun **mínimo de 75 horas**. Cada socio debe establecer mecanismos para o recoñecemento académico destes créditos nas súas titulacións.

IV. FINANCIACIÓN, CONCEPTOS ELIXIBLES E XESTIÓN DA AXUDA

O consorcio deberá **confirmar coas súas oficinas internacionais a dispoñibilidade de fondos Erasmus para bolsas de curta duración** para os participantes que se reciban na UDC. Só en casos excepcionais os participantes poden ser Erasmus con bolsa 0, e nestes casos a UDC non asumirá ningún custo derivado de dita participación.

Os importes das axudas de apoio individual (Bolsas) son establecidos pola Axencia Nacional de cada país. Existen axudas adicionais para estudantes con menos oportunidades (discapacidades, situación de refuxiado, obstáculos socioeconómicos, etc.) e, nalgúns casos, para viaxes realizadas en medios diferentes ao avión.

O PDI responsable/coordinador do BIP disporá, en concepto de **Apoio organizativo (OS)**, da **cantidade máxima de 6.000 euros**. No **anexo I** figuran as partidas de gasto elixibles ás que se debe axustar o orzamento e que terán que xustificarse debidamente para a súa posterior tramitación económica (a través de facturas e de certificados de impartición de docencia).

Código Seguro De Verificación	pK1EyJ08Y0UwXB2YESvChA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitor de Titulacións e Internacionalización - Moisés Canle López	Asinado	21/03/2024 17:27:35
Observacións		Páxina	2/6
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/pK1EyJ08Y0UwXB2YESvChA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



A xestión económica de cada proxecto levarase a cabo desde o Centro ao que estea adscrito o/a coordinador/a do BIP, con referencia aos créditos asignados para estes proxectos da Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización (véxase apartado I). O límite para a execución e xustificación dos gastos é o 30 de xuño de 2025. Os créditos non xestionados nesa data pasarán a ser xestionados polo Vicerreitorado de Titulacións e Internacionalización.

V. FORMULACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSTAS

As propostas deberán ser presentadas por PDI da UDC e deberán axustarse aos modelos presentados no **anexo I** desta convocatoria. A proposta e o orzamento de gasto deben ser dirixidos **debidamente cumprimentados e asinados electrónicamente polo/a responsable do BIP, e polo/a Decano-a/Director-a do Centro ao que se adscribe**, á *Oficina de Relacións Internacionais* a través do correo electrónico erasmus@udc.es.

O prazo de presentación de propostas comeza o día seguinte á publicación desta convocatoria no taboleiro de anuncios da UDC e finaliza o **30 de setembro de 2024**. Posteriormente publicarase unha **listaxe provisional de solicitudes admitidas e excluídas**, e abrirase un **prazo de 5 días hábiles** para enmenda de erros.

VI. ADXUDICACIÓN Y RESOLUCIÓN

A. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

- Cumprimento dos requisitos mínimos da proposta descritos nesta convocatoria.
- Historial de colaboración das universidades involucradas na proposta.
- Darase prioridade aos Centros con menos mobilidade, tanto de estudantes como de persoal.
- Programa docente: método innovador de aprendizaxe/ensinanza, valor engadido que aporta á oferta académica xa existente e resultados esperados da aprendizaxe.
- Realización, por parte do alumnado da UDC, de prácticas académicas que formen parte do programa de estudos.
- Darase prioridade a propostas presentadas por coordinadores que non coordinaron previamente un BIP en proxectos anteriores.

B. COMISIÓN DE VALORACIÓN

As propostas serán avaliadas por:

- Moisés Canle López, Vicerreitor de Titulacións e Internacionalización.
- María Bobadilla Pérez, Adxunta de Política Internacional.
- Bruno Casal Rodríguez, Coordinador institucional Erasmus.
- Sandra King Gouyer, Técnica da Oficina de Relacións Internacionais.
- Pablo Nieto Mallo, Técnico da Oficina de Relacións Internacionais.

C. RESOLUCIÓN E PRAZOS DE ACEPTACIÓN, RENUNCIA E/OU ALEGACIÓNS

A resolución comunicarase por correo electrónico aos PDI responsables das propostas **antes do 31 de outubro de 2024**. Publicarase unha **resolución provisional** coas **dúas propostas seleccionadas**, que incluírá unha lista de agarda coas propostas non seleccionadas. No caso de que algunha das dúas propostas seleccionadas renunciase á financiación, procederase á adxudicación da seguinte proposta na orde establecida na lista de agarda.

A **aceptación ou renuncia** realizarase durante os seguintes **5 días hábiles** á comunicación de adxudicación, enviando un correo electrónico á seguinte dirección: erasmus@udc.es.

Código Seguro De Verificación	pK1EyJ08Y0UwXB2YESvChA==		Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitor de Titulacións e Internacionalización - Moisés Canle López		Asinado	21/03/2024 17:27:35
Observacións			Páxina	3/6
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/pK1EyJ08Y0UwXB2YESvChA==			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			



Establécese un prazo de **5 días hábiles** desde a comunicación de resolución de concesión para a realización de alegacións. As alegacións remitiranse por correo electrónico á dirección indicada no parágrafo anterior.

VII. PROTECCIÓN DE DATOS

En cumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento Xeral de Protección de Datos ou RGPD), e do artigo 11 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informamos de que os datos que a persoa interesada facilite mediante a concorrencia a esta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), sendo os seus datos de contacto rúa Maestranza 9, 15001, A Coruña, teléfono 981167000, correo electrónico secretariaxeral@udc.gal. A solicitude dunha destas axudas na Universidade da Coruña implica a aceptación do contido da convocatoria e a autorización para que os seus datos persoais sexan utilizados pola Universidade, de acordo coa LOPD, coa finalidade da correcta xestión das axudas. Todas as persoas que entren en contacto con estes datos con dita finalidade cumpriran o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD). Mediante a concorrencia a esta convocatoria, a persoa interesada consente expresamente a publicación dos seus datos na resolución da solicitude nos Taboleiros físicos da UDC e no Taboleiro Oficial da Sede electrónica da UDC, na forma prevista na Disposición Adicional 7ª da Lei Orgánica 3/2018, de protección de datos persoais. A resolución desta convocatoria permanecerá publicada en tales Taboleiros. Os datos persoais serán conservados mentres resulten necesarios para as finalidades do tratamento e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente, sen prexuízo do previsto en relación co exercicio do dereito de supresión e outros dereitos contemplados na Lei Orgánica de Protección de Datos Persoais. A persoa interesada consente no tratamento dos datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, e terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos. Ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos. Estes dereitos poderán ser exercidos mediante unha solicitude remitida á seguinte dirección: Secretaría Xeral, Rectorado da Universidade da Coruña, rúa A Maestranza 9, 15001. A Coruña ou ao correo electrónico rpd@udc.gal, coa referencia "protección de datos", a través dun escrito asinado para o efecto, xunto cunha fotocopia do seu DNI. Igualmente, poderá dirixir esta solicitude directamente á Delegada de Protección de Datos, á mesma dirección postal anteriormente indicada, ou ao correo electrónico dpd@udc.gal. Así mesmo, ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

VIII. INFORMACIÓN

A información sobre o Programa Erasmus+ e accións BIP pódese consultar en <http://www.sepie.es/>. Para máis información, dirixase á Oficina de Relacións Internacionais:

CAMPUS DE A CORUÑA

Casa do Lagar. Campus de Elviña

Tel: 981 167 000 (ext. 1973 /1970). Email: erasmus@udc.es

O Vicerreitor de Titulacións e Internacionalización

Moisés Canle López

Código Seguro De Verificación	pK1EyJ08Y0UwXB2YESvChA==	Estado	Asinado	Data e hora	21/03/2024 17:27:35
Asinado Por	Vicerreitor de Titulacións e Internacionalización - Moisés Canle López				
Observacións			Páxina		4/6
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/pK1EyJ08Y0UwXB2YESvChA==				
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).				



ANEXO I

MODELOS DE PROPOSTA E ORZAMENTO

RESPONSABLE DA PROPOSTA
Nome e apelidos: Centro/Departamento: Correo electrónico e extensión telefónica:
ENTIDADES DE ENVÍO (de ser o caso, indique colaboracións anteriores con ditas entidades)
<i>Institución socia 1 (código Erasmus ou nome oficial):</i> <i>Institución socia 2 (código Erasmus ou nome oficial):</i> <i>Institución socia 3 (código Erasmus ou nome oficial):</i> <i>Institución socia 4 (código Erasmus ou nome oficial):</i>
TIPOLOXÍA DE PARTICIPACIÓN
<input type="checkbox"/> Estudiantes <input type="checkbox"/> PAS <input type="checkbox"/> PDI
TÍTULO DA PROPOSTA
PRIORIDADES DO PROGRAMA ERASMUS+ QUE SE ABORDAN (pode sinalar máis de unha)
<input type="checkbox"/> Inclusión e diversidade <input type="checkbox"/> Transformación dixital <input type="checkbox"/> Medioambiente e loita contra o cambio climático <input type="checkbox"/> Participación na vida democrática <input type="checkbox"/> Outros (desenvolver abaixo)
Outros (se procede):
RESUMO DA PROPOSTA (o resumo da proposta debe conter, como mínimo, a información que se reflexa nos puntos inferiores)
1. Obxectivos e resultados esperados da aprendizaxe (competencias que se adquirirán) 2. Descrición do programa formativo (módulos e contidos diferenciados entre formación virtual e presencial) 3. Metodoloxías de ensinanza 4. Participantes (número estimado, número de países dos participantes, número de profesores, campo de estudo – clasificación ISCED 2013 , ciclo de estudos –se os participantes son estudantes–, etc.) 5. Idioma de instrución 6. Centro no que se desenvolverá a actividade 7. Calendario e planificación (datas de impartición das actividades presenciais e virtuais especificadas por tipo de actividade e módulo formativo) 8. Acreditación da formación (número de créditos que se acreditarán no caso de BIP dirixido a estudantes)

O *Coordinador/a da proposta*

Visto bo

Decano-a/Director-a do centro

En A Coruña/Ferrol, a de de 2024

Código Seguro De Verificación	pK1EyJ08Y0UwXB2YESvChA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitor de Titulacións e Internacionalización - Moisés Canle López	Asinado	21/03/2024 17:27:35
Observacións		Páxina	5/6
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/pK1EyJ08Y0UwXB2YESvChA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Detalle na táboa inferior os gastos necesarios para a execución do BIP. Teña en conta que o máximo asignado por cada BIP é de 6.000 euros. Os gastos considerados non elixibles será rexeitados, sen posibilidade de reemplazo por outros gastos.

GASTOS ELIXIBLES	IMPORTE (€)
<i>Persoal (remuneración de docentes)</i>	
TOTAL	
<i>Subcontratacións e asistencia técnicas (Ex.: plataforma de teleformación; catering; desprazamentos e visitas guiadas, etc.)</i>	
TOTAL	
<i>Material bibliográfico e recursos formativos (Ex.: adquisición de materiais didácticos)</i>	
TOTAL	
<i>Outros gastos de execución (Ex.: promoción e difusión, material funxible, etc.)</i>	
TOTAL	
TOTAL ORZAMENTO	

O Coordinador/a da proposta

Visto bo
 Decano-a/Director-a do centro

En A Coruña/Ferrol, a de de 2024

Código Seguro De Verificación	pK1EyJ08Y0UwXB2YESvChA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitor de Titulacións e Internacionalización - Moisés Canle López	Asinado	21/03/2024 17:27:35
Observacións		Páxina	6/6
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/pK1EyJ08Y0UwXB2YESvChA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

